

O BNG alerta que a concesión mineira Faramontaos 5089 'vai para adiante' ao entrar en fase de exposición pública o proxecto de explotación

Xinzo da Limia, 23 de xaneiro de 2013. O pasado xoves, 17 de xaneiro, apareceu publicado no DOG nº12 o anuncio de información pública do «**Proxecto de explotación, estudo de impacto ambiental e plan de restauración da concesión de explotación derivada do permiso de investigación Faramontaos, nº5089.1**». Este anuncio deixa ben ás claras a intención da empresa de levar adiante a iniciativa malia oposición frontal dos veciños e veciñas dos pobos afectados, sintetizada mediante a recollida de varios centos de alegacións e plasmada nun acordo plenario unánime de rexeitamento aprobado o 19 de xullo de 2012.

Trátase dunha explotación mineira de feldespatos a ceo aberto mediante un sistema de dragado ata un máximo de 15m de profundidade e que prevé **un investimento de 1,2M de euros para criar dez postos de traballo**. A concesión estenderíase ao longo de 30 anos **afectando en diferentes fases a un total de 400ha de terreo cultivábel** nas inmediacións dos núcleos de San Pedro, Fiestras e Moreiras. Cómpre salientar que **ao remate do aproveitamento estas parcelas serán irrecuperábeis para o seu uso agrícola** xa que o proxecto de restauración contempla que queden en forma de lagoas. **A planta de tratamento estará escasamente a 600m do pobo de San Pedro e funcionará as 24 horas do día** en tres turnos de traballo atendida por dous operarios. As labouras de extracción da draga realizaranse a un único turno.

Para o Grupo Municipal do BNG **estamos diante dunha cuestión de extrema gravidade ao afectar directamente a un piar básico** da comarca como é o agro, dada a agresividade do proxecto, e que non se xustifica de ningún xeito no impacto na economía local, que será ridículo cando non absolutamente negativo. Por este motivo **o BNG porá en marcha, a través da súa deputada no Parlamento de Galiza, Tareixa Paz, novas iniciativas** encamiñadas a que as consellarías implicadas deneguen os permisos para esta explotación. Asemade instaremos ao Concello e aos veciños e veciñas afectados a persoarse no procedemento aberto de alegacións manifestando novamente a súa frontal oposición.

Oficina de Imprensa. BNG Xinzo da Limia. imprensa@bng-xinzo.org
Contacto: Ramiro Rodríguez Suárez (667 727 911)

Xinzo da Limia | 23-1-2013



Grupo Local do Bloque Nacionalista Galego de Xinzo da Limia
Rúa Río Arnoia, 14 - Local 18 (Multicentro, 1ºP) - 32630 Xinzo da Limia, Ourense (Galiza, UE) * Tlf/Fax: 988 461 360

info@bng-xinzo.org | www.bng-xinzo.org | @bngxinzo

NOTA DE IMPRENSA. PRÉGASE A SÚA DIFUSIÓN.